

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DO ESTUDANTADO DA FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN NOS GABINETES DE PRENSA DA XUNTA DE GALICIA

SUBSCRIBEN

Dunha parte, Pedro Francisco Rojo Otero, secretario xeral de Medios, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do disposto na disposición adicional primeira, do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Doutra parte, D. Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 35/2022, do 17 de marzo, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 56, do 22 de marzo de 2022, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Ambos interveñen, no exercicio das facultades que legalmente lles outorgan os cargos que desempeñan, recoñecéndose mutuamente lexitimación para subscribir o presente convenio de colaboración.

EXPOÑEN

I. Que o Real decreto 592/2014, de 11 de xullo, que regula as prácticas académicas externas de estudantes universitarios establece no seu art. 8.1.a, a posibilidade de que o estudantado matriculado en ensinanza impartidas pola universidade realicen prácticas académicas externas.

II. Que o Real decreto 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o "Estatuto do Estudante Universitario", establece no seu art. 8.f) o dereito do estudantado á realización de prácticas curriculares ou extracurriculares, que poderán realizarse en entidades externas.

III. Todas as partes consideran necesario un maior achegamento entre o ámbito laboral e a universidade, para facilitar a futura inserción laboral do estudantado universitario mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas externas, acadando ao mesmo tempo a mellor cualificación e inserción no ámbito laboral.

IV. Con este convenio preténdese enmarcar a cooperación educativa na que se delimiten as garantías recíprocas do estudantado e a entidade colaboradora no desenvolvemento do período de prácticas.

En consecuencia acordan formalizar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes:



CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

1. Este convenio ten por obxecto establecer un programa para a realización de prácticas académicas externas do estudiantado do Grao en Xornalismo e do Grao en Comunicación Audiovisual da Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela nos Gabinetes de Prensa da Xunta de Galicia.

As prácticas terán carácter curricular ou extracurricular.

2. Este convenio fixa as pautas e mecanismos de colaboración entre as partes coa finalidade de establecer unha adecuada programación, o desenvolvemento e a verificación das prácticas do estudiantado bolseiro na Xunta de Galicia.

Segunda. Convocatoria de prácticas

O número máximo de prazas que se convocará para realizar as prácticas será o seguinte:

Titulación	Nº de prazas
Grao en Xornalismo	9
Grao en Comunicación Audiovisual	3

Terceira. Beneficiarios e requisitos

1. Poderán ser beneficiarios deste convenio o estudiantado do Grao en Xornalismo ou do Grao en Comunicación Audiovisual da Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela.

2. Para a realización das prácticas académicas externas o estudiantado deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Estar matriculado nalguna das titulacións oficiais establecidas no punto anterior.

b) No caso de prácticas curriculares: non ter superados os créditos vinculados a prácticas externas curriculares, e non ter realizado o depósito do título. O estudiantado deberá matricular os créditos correspondentes ás prácticas curriculares adxudicadas.

c) Prácticas extracurriculares: Non ter cuberto o número máximo de créditos de prácticas externas extracurriculares e non ter realizadas estas prácticas na mesma entidade en convocatorias precedentes, agás que a actividade que vai desenvolver sexa nun programa diferente, nunha unidade ou dispositivo diferente ou non superase o límite máximo de horas nesa empresa; e non ter realizado o depósito do título.



d) Non manter ningunha relación contractual coa empresa, institución ou entidade pública ou privada en que se van realizar as prácticas.

e) Calquera outro requisito establecido na convocatoria de matrícula ou normativa de aplicación ás prácticas académicas externas.

Cuarta. Gastos subvencionables

O gasto subvencionable é o correspondente ás bolsas de estudos. Incluirá, no seu caso, as cotizacións á Seguridade Social a cargo do estudantado bolseiro.

Quinta. Orzamento. Tramitación anticipada do gasto

1. O orzamento máximo é de 14.652,00 euros, con cargo á aplicación 04.03.461A.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026, que se destinará ao pagamento da bolsa de estudos e, no seu caso, das cotizacións á Seguridade Social a cargo da Secretaría Xeral de Medios.

2. O convenio tramitarase como expediente anticipado de gasto, de acordo co disposto no artigo 2.1 da Orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001 .

Nesta tramitación anticipada poderase chegar á formalización do convenio, quedando a súa eficacia condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Sexta. Bolsa ou axuda de estudos

Estas prácticas académicas externas comportarán unha achega económica ao estudantado bolseiro en forma de bolsa ou axuda de estudos de 317,00 euros netos mensuais. Así mesmo engadirase, no seu caso, a cotización á Seguridade Social a cargo do estudantado bolseiro.

Sétima. Incompatibilidade

As bolsas concedidas non serán compatibles con outras bolsas ou axudas co mesmo obxecto que as deste convenio, outorgadas pola Xunta de Galicia, ou por calquea outra Administración ou entidade pública ou privada, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Oitava. Seguridade Social

Corresponde á Xunta de Galicia a obriga de realizar as altas e baixas do estudantado en prácticas e a cotización que, de ser o caso, corresponda.

Son de aplicación:

- O Real Decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, en desenvolvemento do previsto na



Disposición adicional terceira da lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.

- A Disposición Adicional 52ª do Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Ley Xeral da Seguridade Social.
- A Disposición Adicional 25ª do Real Decreto-lei 8/2014, do 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

Novena. Solicitudes

As solicitudes presentaranse na Universidade de Santiago de Compostela, logo da correspondente convocatoria á que a Universidade dará a oportuna publicidade.

Décima. Selección dos aspirantes

1. O órgano designado pola Universidade preseleccionará o estudantado aspirante. En todo caso deberá garantir os principios de publicidade e concorrencia, así como os de transparencia, obxectividade e non discriminación.

O órgano designado, con respecto aos principios de mérito e capacidade, avaliará o expediente e outros méritos académicos, sendo requisito imprescindible o coñecemento oral e escrito da lingua galega.

2. Rematado o proceso de selección, a Universidade remitirá un listado co estudantado seleccionado á Secretaría Xeral de Medios, para a concesión, no seu caso, das correspondentes bolsas de estudos.

Décimo primeira. Plena integración das persoas con discapacidade. Igualdade de xénero

As partes asinantes garanten que o presente convenio promove a efectividade do dereito á igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade. Así mesmo, garántese a non discriminación por razón de xénero na acción formativa obxecto deste convenio.

Décimo segunda. Réxime de realización das prácticas. Permisos e resolución anticipada das prácticas

1. A Secretaría Xeral de Medios acollerá ao estudantado seleccionado nos gabinetes de prensa de cada unha das consellerías, da Presidencia da Xunta ou nos seus departamentos territoriais da Xunta de Galicia. Corresponderá á Secretaría Xeral de Medios a distribución do estudantado por seccións, ámbito de actividade e especialización.

2. As prácticas externas curriculares ou extracurriculares poderanse realizar durante os meses de xuño, xullo e agosto.

No caso de que se realicen prácticas de carácter curricular e extracurricular, realizaranse en primeiro lugar as de carácter curricular. As prácticas externas terán a extensión que estableza o plan de estudos correspondente, nos termos



establecidos no Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade.

A duración das prácticas será como máximo de 300 horas.

3. Os horarios de realización das prácticas estableceranse de acordo coas súas características e as disponibilidades da entidade colaboradora e non poderán exceder de 25 horas semanais, ou das que, no seu caso, estableza o proxecto formativo. Deberán ser compatibles coa actividade académica, formativa e de representación e participación desenvolvida polo/a estudante na universidade.

4. O réxime de permisos será acordado entre a entidade colaboradora e o/a estudante, e deberá adaptarse ás normas que a universidade poida establecer. En todo caso, a entidade colaboradora deberá respectar as obrigas que se deriven do cumprimento da actividade académica e formativa, así como da representación e participación do estudiantado.

5. Poderá ser excluído das prácticas académicas o estudiantado que incumpra as actividades definidas no proxecto formativo ou as directrices marcadas polo titor ou titora da entidade colaboradora. Neste caso, a entidade colaboradora comunicará á universidade esta circunstancia e, de común acordo, ambas as entidades poderán dar por finalizada anticipadamente a realización da práctica externa coa perda dos dereitos formativos e, de ser o caso, económicos que correspondesen ás persoas beneficiarias.

6. No caso de que as prácticas na entidade colaboradora non se axusten ao acordado poderán ser rescindidas. Nestes casos, a Universidade de Santiago de Compostela deberá procurar a incorporación do/a estudante noutra entidade para desenvolver as prácticas dentro da mesma convocatoria.

Así mesmo, o estudiantado en prácticas poderá, por causas xustificadas, solicitar a renuncia a elas.

Décimo terceira. Proxecto formativo

1. O proxecto formativo en que se concretará a realización das prácticas académicas externas deberá fixar os obxectivos educativos e as actividades que se vaian desenvolver. Os obxectivos estableceranse considerando as competencias básicas, xenéricas, específicas e transversais que debe adquirir o estudiantado.

Así mesmo, os contidos das prácticas definiranse de forma que aseguren a relación directa das competencias a adquirir cos estudos cursados. Este proxecto formativo especificase no anexo a este convenio para a realización de prácticas académicas externas.

2. En todo caso, o proxecto formativo cumprirá cos principios de inclusión, igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.



Décimo cuarta. Avaliación do estudantado e certificación da entidade colaboradora

1. Ao rematar o período de prácticas cada estudante deberá realizar unha memoria final sobre o traballo desenvolvido, que entregará ao titor ou titora académica. O seu contido mínimo axustarase ao que estableza a normativa interna da Universidade, e no seu defecto deberá recoller:

- a) Datos persoais.
- b) Entidade colaboradora en que levou a cabo as prácticas e onde está situada.
- c) Descrición concreta e detallada das tarefas desenvolvidas na Entidade, con indicación do(s) departamento(s) da Entidade en que se realizaron.
- d) Valoración das tarefas executadas e dos coñecementos e competencias adquiridos en relación cos seus estudos universitarios.
- e) Relación dos problemas que se lle presentaron e dos procedementos que se seguiron para resolvelos.
- f) Contribución que supoñen as prácticas en materia de aprendizaxe.
- g) Avaliación das prácticas e suxestións de mellora.
- h) Outros aspectos que o centro considere relevantes de cara á formación do estudantado.

2. O titor profesional da entidade colaboradora realizará e remitirá ao titor académico da universidade un informe final, unha vez concluídas as practicas, que recollerá o número de horas realizadas polo estudante e no que poderá valorar, entre outros, estes aspectos:

- a) Capacidade técnica.
- b) Capacidade de aprendizaxe.
- c) Administración e organización dos traballos.
- d) Habilidades de comunicación oral e escrita. No caso do estudantado con discapacidade que teña dificultades na expresión oral, deberá indicarse o seu grao de autonomía para esta habilidade e se require algún tipo de apoio técnico ou humano.
- e) Sentido da responsabilidade.
- f) Facilitade de adaptación.
- g) Creatividade e iniciativa.
- h) Implicación persoal.



- i) Motivación.
- j) Receptividade ás críticas.
- k) Puntualidade.
- l) Relacións coa contorna laboral.
- m) Capacidade de traballo en equipo.
- n) No caso das prácticas curriculares, valoraranse ademais as competencias previstas no proxecto formativo.

3. O titor ou titora académica, á vista do informe da entidade colaboradora e da memoria final do estudantado, avaliará as prácticas desenvolvidas cubrindo o correspondente informe de valoración.

4. No caso de que a avaliación da memoria e o informe de actuación do estudantado sexan favorables, a entidade colaboradora emitirá para cada estudante unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos, investigacións, etc. realizados nela. A certificación deberá especificar que carecerá de efectos académicos, quedando supeditada, a estes efectos, á avaliación que realice a Universidade das prácticas.

Décimo quinta. Vinculación do estudantado en prácticas coa entidade colaboradora

1. Dado o carácter formativo das prácticas estarase ao disposto no artigo 2 do Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios (RDPU).

2. A relación entre a Xunta de Galicia e o estudantado bolseiro da Universidade derivada do presente convenio, non comportará relación funcionarial ou laboral de ningún tipo, nin o seu contido poderá dar lugar á substitución da prestación laboral propia de postos de traballo.

3. A realización destas prácticas académicas non terá a consideración de mérito para o acceso á función pública nin será computada aos efectos de antigüidade ou recoñecemento de servizos previos.

4. O estudantado en prácticas non poderá realizar tarefas de responsabilidade na Administración, nin aquelas exclusivas do persoal da Administración, estando, sempre e en todo caso, orientadas as prácticas a unha aprendizaxe práctica titorizada.

5. O estudantado bolseiro asignado a este convenio en ningún caso dependerá da Xunta de Galicia, polo que non poderá alegarse dereito ningún nin esixírselle a esta Administración responsabilidades de calquera clase, como consecuencia das obrigas, que no seu caso, poidan existir entre o estudantado bolseiro e a Universidade.



Décimo sexta. Seguro prácticas

1. Os riscos de enfermidade ou accidente estarán cubertos polo correspondente seguro escolar para o estudiantado menor de vinte e oito anos. Para o estudiantado maior de vinte e oito anos formalizarase obrigatoriamente no momento da matrícula, a cargo do/da estudante, un seguro específico.

2. A cobertura dos riscos derivados da responsabilidade civil do estudiantado que realiza as prácticas tuteladas na entidade, durante o desenvolvemento das prácticas nas que se derivase responsabilidade civil da universidade queda garantida pola propia Universidade.

Décimo sétima. Dereitos do estudiantado

1. O estudiantado en prácticas terá dereito a:

- a) Contar cun titor ou titora externa da entidade colaboradora na que as realice, e un titor ou titora académica da universidade.
- b) Ser avaliado no desenvolvemento das súas actividades, segundo o establecido no programa. A avaliación referirase á consecución dos obxectivos de formación que deberán ser coñecidos polo titor ou titora externa. O estudiantado terá dereito a coñecer os criterios de avaliación.
- c) Que se lle imputen os créditos cursados para os efectos de finalización de estudos no caso das prácticas curriculares, sempre que conten coa avaliación positiva do seu período de prácticas. No caso das prácticas extracurriculares, a que a Universidade acredite as prácticas realizadas facéndolas constar no expediente e no SET sempre que conten con avaliación positiva e se realicen antes do remate dos estudos.
- d) Expedición, por parte da entidade colaboradora, unha vez finalizado o período de prácticas con avaliación positiva, dunha certificación con mención expresa do nivel acadado na realización das prácticas, con indicación da especialidade á que estivo orientada a súa formación, de ser o caso.
- e) Percibir, nos casos en que así se estipule, a achega económica da entidade colaboradora, en concepto de bolsa ou axuda ao estudo.
- f) Que se lle recoñeza a propiedade intelectual e industrial nos termos establecidos na lexislación reguladora da materia.
- g) Recibir, por parte da entidade colaboradora, información da normativa de seguridade e prevención de riscos laborais.
- h) Cumprir coa súa actividade académica, formativa e de representación e participación, previa comunicación con antelación suficiente á entidade colaboradora.



- i) Dispoñer, no caso do estudiantado con discapacidade, dos recursos necesarios para o acceso á tutela, á información, á avaliación e á realización das prácticas en igualdade de condicións.
- j) Conciliar, no caso do estudiantado con discapacidade, a realización das prácticas con aquelas actividades e situacións persoais derivadas ou relacionadas coa súa situación de discapacidade.
- k) Aquel outros dereitos previstos na normativa vixente e/ou nos correspondentes convenios de cooperación educativa asinados pola Universidade e, de ser o caso, a entidade xestora de prácticas vinculadas á mesma, coa entidade colaboradora.

2. No caso das prácticas curriculares se o estudiantado, unha vez matriculado, non recibiu a formación por incumprimento da entidade colaboradora, o centro deberá procurar a súa incorporación noutra entidade para desenvolver as prácticas dentro da mesma convocatoria.

3. No caso de prácticas extracurriculares, se o estudiantado, unha vez matriculado, non recibiu a formación por incumprimento da entidade xestora ou da entidade colaboradora, poderá optar pola súa inclusión nunha lista de agarda ou pola súa inscrición automática nunha nova convocatoria. Este estudiantado terá preferencia sobre as novas solicitudes de prácticas extracurriculares.

4. Así mesmo, terán os dereitos establecidos no Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, no Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o "**Estatuto do estudante universitario**", e no Estatuto do Estudiantado Universitario da USC.

Décimo oitava. Deberes do estudiantado

- 1. Durante o período de prácticas, o estudiantado deberá desenvolver o proxecto formativo e elaborar unha memoria final e, de ser o caso, un informe intermedio.
- 2. Con relación á entidade en que se desenvolven as prácticas, o estudiantado deberá:
 - a) Incorporarse na data acordada e cumprir o horario previsto.
 - b) Cumprir e respectar o sistema organizativo da entidade.
 - c) Gardar o debido sigilo respecto dos asuntos que coñezan na súa tarefa.
 - d) Cumprir e respectar as normas de seguridade e prevención de riscos laborais da entidade.
 - e) Cumprir con dilixencia e boa fe as actividades acordadas coa entidade colaboradora.



- f) Cumprir calquera outra prevista na normativa vixente, nos convenios de cooperación educativa asinados entre a USC ou entidade xestora de prácticas e a entidade colaboradora.

3. O estudiantado de prácticas curriculares estará obrigado á realización da totalidade de créditos dos que estean matriculados, de acordo co establecido no plano de estudos, para obtiren o recoñecemento académico.

4. O incumprimento das súas obrigas poderá determinar a perda automática dos seus dereitos como estudante en prácticas sen prexuízo das accións disciplinarias que procedan.

5. O estudiantado bolsreiro estará suxeito á normativa en materia de subvencións no relativo ás axudas de estudos que se establecen neste convenio.

Décimo novena. Titoría

O estudiantado en prácticas que se acolla a este programa disporá dunha titoría académica e outra profesional. A persoa que exerza como titora académica será designada polo centro da Universidade en que curse os seus estudos entre o seu profesorado. A Secretaría Xeral de Medios designará as persoas que exerzan como titoras profesionais, con competencias profesionais na área, que serán os encargados de distribuír ao estudiantado bolsreiro por seccións, ámbito de actividade e especialización.

As persoas titoras supervisarán as funcións levadas a cabo polo estudiantado durante as súas prácticas, asistirano no que for necesario e avaliarán o seu aproveitamento das prácticas

Vixésima. Dereitos e deberes dos titores e titoras

1. O titor ou titora externa da entidade colaboradora terá dereito a:

- a) O recoñecemento da súa actividade colaboradora por parte da universidade, a través da súa solicitude.
- b) A recibir información acerca do regulamento de prácticas académicas externas.
- c) A recibir información sobre o proxecto formativo e as condicións do seu desenvolvemento.
- d) A obter a información e o apoio necesarios para o cumprimento dos fins propios da súa función.

2. O titor ou titora externa da entidade colaboradora terá os seguintes deberes:

- a) Acoller o estudiantado e organizar a actividade consonte o establecido no proxecto formativo.



- b) Supervisar as súas actividades, orientar e controlar o desenvolvemento da práctica cunha relación baseada no respecto mutuo e o compromiso coa aprendizaxe.
- c) Informar o estudiantado da organización e funcionamento da entidade e da normativa de interese, especialmente a relativa á seguridade e riscos laborais.
- d) Coordinar co titor ou titora académica da universidade o desenvolvemento das actividades establecidas no convenio, que deberán contemplar:
- i. As modificacións do plan formativo que poidan ser necesarias para o desenvolvemento das prácticas.
 - ii. A comunicación e resolución das incidencias que puidesen xurdir.
 - iii. O control de permisos para a realización de exames e/ou outro tipo de actividades de carácter académico.
- e) Emitir o informe final e, de ser o caso, un informe intermedio. O informe final deberá emitirse no prazo de 10 días naturais unha vez finalizado o período de realización das prácticas.
- f) Proporcionar a formación complementaria que precise o estudiantado para a realización das prácticas.
- g) Proporcionar ao estudiantado os medios materiais indispensables para o desenvolvemento das prácticas.
- g) Facilitar e estimular a achega de propostas de innovación, mellora e emprendemento por parte do estudiantado.
- h) Facilitar ao titor ou titora académica da universidade o acceso á entidade para o cumprimento dos fins propios da súa función.
- i) Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do estudiantado como consecuencia da súa actividade como titor ou titora.
- j) Prestar axuda e asistencia ao estudiantado durante a súa estancia na entidade, para a resolución daquelas cuestións de carácter profesional que poida necesitar no desempeño das actividades que realiza na mesma.
- k) O titor ou titora académica da universidade terá os seguintes dereitos:
- i. Recoñecemento efectivo da súa actividade académica, sen que do devandito recoñecemento poidan derivarse en ningún caso efectos retributivos específicos.
 - ii. Recibir información verbo do regulamento de prácticas académicas externas, así como do proxecto formativo e das condicións baixo as que se desenvolverá a estancia do estudiantado que debe tutelar.



iii. Ter acceso á entidade colaboradora para o cumprimento dos fins propios da súa función.

l) O titor ou titora académica da universidade terá os seguintes deberes:

i. Velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, garantindo a compatibilidade do horario das prácticas coas obrigas académicas, formativas, de representación e participación do estudantado.

ii. Facer un seguimento efectivo das prácticas, coordinándose co titor ou titora externa da entidade colaboradora e vistos, de ser o caso, os informes de seguimento.

iii. Autorizar as modificacións que se produzan no proxecto formativo.

iv. Avaliar as prácticas do estudantado titorizado de acordo co que se establece no artigo 25 do Regulamento de prácticas académicas externas da USC (aprobado no Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015).

v. Gardar confidencialidade sobre a información que coñeza como consecuencia da súa actividade como titor ou titora.

vi. Informar á persoa responsable das prácticas académicas externas na universidade das posibles incidencias xurdidas.

vii. Supervisar e, de ser o caso, solicitar a adecuada disposición dos recursos de apoio necesarios para asegurar que o estudantado con discapacidade realice as súas prácticas en condicións de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

Vixésimo primeira. Efectos das prácticas

A realización das prácticas curriculares polo estudantado computará para a obtención dos títulos correspondentes co carácter establecido no plan de estudos.

No caso das prácticas extracurriculares, non formarán parte do plan de estudos, pero figurarán no expediente e no Suplemento Europeo ao Título, sempre que se realizasen antes da finalización dos estudos.

Vixésimo segunda. Publicación

Os datos básicos relativos a este convenio serán publicados de acordo co previsto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

As persoas asinantes deste acordo de colaboración manifestan expresamente o seu consentimento para que os datos persoais que figuran nel e o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.



Vixésimo terceira. Protección de datos

1. As partes comprométese a cumprir o establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección de datos das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no resto da lexislación española aplicable nesta materia.

2. A sinatura deste convenio implica a aceptación do contido do aquí recollido e a autorización para o tratamento dos datos persoais do estudantado coa finalidade exclusiva de xestionar as prácticas e o seguimento da súa inserción laboral.

Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Secretaría Xeral de Medios coas finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste convenio.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

3. A Universidade protexe e garante o dereito fundamental á protección de datos e amósase especialmente sensibilizada pola salvagarda da privacidade das persoas. O tratamento de datos faise de acordo co *Regulamento (UE) 2016/679* citado, coa *Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais*, así como co resto da lexislación española aplicable nesta materia. Así as cousas, este tratamento responde aos principios de licitude, lealdade, transparencia, limitación da finalidade, minimización dos datos, exactitude, limitación do prazo de conservación, integridade, confidencialidade e responsabilidade proactiva.

4. O estudantado en prácticas que por razón das actividades formativas teña acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal non revelará, a persoa allea á entidade colaboradora, información da que tivese coñecemento, nin utilizará ou disporá dela dun xeito ou cunha finalidade distinta á esixida polas accións formativas, obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as prácticas, respondendo en caso de incumprimento do deber de segredo fronte á entidade colaboradora, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puideran derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Para tal efecto o/a estudante poderá asinar coa entidade colaboradora un documento en que se obrigue a cumprir o deber de segredo antes citado.



Vixésimo cuarta. Comisión paritaria de Seguimento

1. Constitúese unha comisión mixta paritaria para o seguimento deste convenio, formada por dúas persoas que designe a Universidade e por dúas persoas designadas pola Secretaría Xeral de Medios.

2. A Comisión de Seguimento terá as seguintes competencias:

- a) Resolver os problemas que presente a súa execución.
- b) Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre partes.
- c) Tomar medidas en relación coas incidencias que xurdan na realización das prácticas, incluída a decisión de dar por finalizadas as prácticas para aqueles estudantes que incumpran gravemente as obrigas inherentes ás mesmas.

3. A comisión reunirse cando así o considere necesario calquera das partes.

Vixésimo quinta. Causas de resolución

1. Serán causas de resolución do convenio:

- a) O mutuo acordo das partes.
- b) O incumprimento das cláusulas contidas nel, tras a reunión da Comisión de Seguimento.

2. A denuncia do convenio poderá ser realizada por calquera das partes.

3. Unha vez extinguido o convenio deberá asegurarse ao estudantado que está desenvolvendo as actividades formativas obxecto deste acordo a posibilidade de finalizas.

Vixésimo sexta. Vixencia

A duración deste convenio será ata o 30.09.2026 e non será prorrogable.

Vixésimo sétima. Xurisdición

As cuestións litixiosas que xurdan sobre á interpretación, a modificación, a resolución e os efectos deste convenio serán resoltas de mutuo acordo polas partes. As partes comprométese a resolver amigablemente as diferenzas que puideran xurdir a través da Comisión de Seguimento.

Non obstante reconécese a xurisdición contencioso-administrativa como competente na materia, dada a natureza pública das entidades asinantes.

Vixésimo oitava. Réxime xurídico



1. O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas. Para o non regulado neste convenio observarase o previsto nas seguintes disposicións:

- O Real decreto **1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o "Estatuto do Estudante Universitario**.
- Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade.
- Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.
- O resto da normativa que sexa de aplicación.

2. No relativo á Seguridade Social observarase as seguintes disposicións:

- Real Decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, en desenvolvemento do previsto na Disposición adicional terceira da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.

- A Disposición Adicional 25ª do Real Decreto-lei 8/2014, do 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

- A Disposición Adicional 52ª do Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Ley Xeral da Seguridade Social.

- O resto da normativa que sexa de aplicación.

3. O réxime das bolsas observará o previsto nas seguintes disposicións:

- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Os preceptos con carácter básico da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e do seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

- O resto da normativa que sexa de aplicación.

Para a debida constancia de todo o convido, asíñase o presente documento polas persoas comparecentes



POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA

Por delegación do Sr. reitor
(RR do 21-04-2022 DOG do 26-04-2022)
O vicerreitor de Organización Académica e
do Campus de Lugo

Francisco José Fraga López

(Asinado dixitalmente)

POLA XUNTA DE GALICIA

O secretario xeral de Medios

Pedro Francisco Rojo Otero

(Asinado dixitalmente)



ANEXO I

PROXECTO FORMATIVO DAS PRÁCTICAS DO ESTUDANTADO DA FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN NOS GABINETES DE PRENSA DA XUNTA DE GALICIA

Obxectivo

Mellorar a aprendizaxe das rutinas de produción propias da actividade xornalística en gabinetes de prensa de institucións públicas.

Competencias específicas

As competencias que se adquiriran coas prácticas na Administración obedecen á seguinte estrutura:

- 1) Competencias técnicas. Os/as estudantes comprenderán a dimensión real do coñecemento técnico do tratamento informativo, desde a produción ata a difusión. Adquirirán a destreza precisa para poder desenvolverse en situacións reais.
- 2) Competencias transversais. Os/As estudantes aprenderán competencias sobre ética, responsabilidade, traballo en equipo e impacto da comunicación masiva na sociedade.

Plan formativo

O plan formativo fundaméntase nos seguintes apartados:

- 1) Proba de selección. Desde o propio momento da proba de selección realizada pola universidade, o/a estudante deberá comprender o obxectivo da praza de prácticas, así como a dimensión do destino solicitado.
- 2) Adaptación á institución pública. A primeira fase do período de prácticas radica na adaptación ás rutinas da institución pública, que será supervisada polos titores designados. Neste período, o/a estudante debe aprender as rutinas diarias, así como o estilo propio da institución pública.
- 3) Formación independente. Unha vez superado o período de adaptación, que dependerá dos criterios da institución pública e da aptitude do/a estudante, poderase establecer un plan de actividades por parte da institución pública para desenvolver as tarefas relacionadas co perfil da praza. Este plan de formación pode realizarse de xeito individual polo/a estudante, pero sempre deberá estar supervisado polo/a titor/a da institución pública.
- 4) Memoria de fin de prácticas. Ao rematar o período de prácticas o/a estudante deberá realizar a memoria correspondente, recollida na normativa de prácticas aprobada pola Xunta de Facultade. Esa memoria debe servir, ademais, para que o/a estudante reflexione sobre o aprendido e sobre futuras liñas de especialización.

